

PROPOSTA PARA INSTRUMENTAR A REDACCIÓN DUN ANTEPROXECTO DE PLAN DE EDUCACIÓN ESPECÍFICO PARA O RURAL GALEGO

Esta proposta, formulada pola Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural, trasládase á Xunta de Galicia -Consellerías de Educación, Política Social e Medio Rural-, e mesmo ós grupos parlamentares galegos e á opinión pública.

O contexto, antecedentes, principios marco e fundamentación explícanse nos Anexos I, II, III e IV que acompañan a seguinte PROPOSTA SINTETIZADA:

CONSTITUIR UN EQUIPO TÉCNICO INTERDISCIPLINAR PARA ELABORAR E REDACTAR O ANTEPROXECTO DUN PLAN DE EDUCACIÓN ESPECÍFICO PARA O RURAL GALEGO, DENDE UNHA PERSPECTIVA INTEGRAL E COMUNITARIA DO DESENVOLVEMENTO RURAL.

- A composición do grupo de traballo sobredito deberá connotarse coas categorías de representatividade institucional e social, rigor científico, traballo experiencial desenvolvido e participación de tódolos sectores.
- En consonancia con estas categorías, o equipo conformaríase do seguinte xeito:
- Nivel institucional: a Xunta de Galicia nomearía o persoal técnico preciso das Consellerías de Educación, Política Social e Medio Rural.
- Nivel de investigación: profesorado das universidades galegas e persoas expertas en materia educacional e planificación escolar, relacionadas co medio rural, que participan na Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural.
- Nivel de participación: configurado por Confederación ANPAS GALEGAS, copromotora desta iniciativa, ANPAS interesadas en xeral, Movementos de Renovación Pedagóxica, Mesa Galega de Educación no Rural, sindicatos, movementos asociativos, colectivos do rural e persoas que a título individual forman parte da Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural.
- O eixo vertebrador das distintas áreas temáticas do Anteproxecto e Plan será o Proxecto Operativo Guieiro Base, que se elaborará no ámbito da Rede sobre a base da proposta enunciada neste documento.
- O nivel investigador terá a responsabilidade de elaborar os borradores, documentos ou relatorios para presentalos aos niveis institucional e participativo, coa finalidade de sometelos a consulta, aportacións e valoracións.
- Financiación: A Xunta de Galicia garantirá unha financiación suficiente e consensuada para posibilitar unha previsión temporal de execución dos traballos superior ás 2.500 horas. Esta financiación estará suxeita á intervención e fiscalización sistemática da Administración autonómica.

MORATORIA: Entrementes se elabora este Anteproxecto, a Consellería Cultura, Educación e O. U. aplicará unha moratoria na supresión de recursos docentes e no peche de escolas e de unidades en zonas rurais, incluídas as previstas para o presente ano.

Coa mesma urxencia, a Administración Educativa adoptará, como inmediata medida específica, un novo plan de recursos compensatorios, aplicando o sistema de “Agrupamentos Funcionais”, moi experimentado noutras CC. AA.

ANEXO I

Fundamentos da petición da moratoria na redución de docentes e no peche das escolas no rural.

Entrementres se elabora o Anteproxecto para un Plan de Educación Específico para o Rural Galego, reclámase a moratoria, entre moitos outros motivos, pola seguinte síntese argumentaria:

a) A redución e supresión de docentes, de servizos de transporte e comedor nas escolas rurais aínda en funcionamento rebaixa a calidade da educación, xera inestabilidade na escola afectada e supón unha ameaza de peche, provocando a conseguinte incertidume nas familias á hora de formalizar as novas matriculacións, razón pola que optan finalmente por colexios nas vilas e cidades acadando así un “adelgazamento artificial” da demografía escolar nas aldeas.

b) A falla dun instrumento territorial zonal actualizado coa realidade sociodemográfica, na data de hoxe, está a provocar que as medidas drásticas de redución e peche de unidades e escolas teña un impacto traumático na fixación ou atracción de poboación ó rural, que será irreversible se non se paraliza.

c) Resulta, porén, imprescindible a adopción de medidas reequilibradoras e de preservación dos recursos educativos por medio de dúas medidas empregadas en planificación e organización escolar, contrastadas en outros territorios do Estado dende hai máis de trinta anos, como son os “Agrupamentos Funcionais” de escolas para manter recursos docentes e unidades escolares. E mesmo a reorganización harmónica do profesorado en “itinerancia docente”, especialistas de apoio e auxilio administrativo; son medidas que contribúen a garantir a calidade da educación, xeran certidume e manteñen servizos educativos no rural.

d) A cativa implantación dos CRAs en Galicia, xunto coa ausencia de fórmulas organizativas adaptadas ó rural, aconsellan estudar e desenvolver novos modelos coma os CRIE, experimentados en comunidades autónomas veciñas dende hai moitos anos e que apostan por dar valor ó rural empoderando a educación.

ANEXO II

Contextualización temporal da proposta

O documento da proposta para a elaboración do Anteproxecto dun Plan de Educación Específico para o Rural Galego, agroma coma un froito do proceso temporal de maduración, reflexión, debate e conclusións que vai cristalizando en diferentes lugares do territorio galego, en contornas profesionais, de nais e pais e movementos asociativos veciñais, ata chegar ó intre cronolóxico e circunstancias actuais.

Unha vella iniciativa na defensa do rural galego formalízase na primavera do 2017. Neste momento está a callar unha Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural fomentada de xeito conxunto polo Grupo de Educación no Rural de Nova Escola Galega, Confederación de ANPAS GALEGAS, Mesa Galega de Educación no Rural, sindicatos e multiplicidade de movementos asociativos e colectivos comprometidos coa procura de alternativas contra a desfeita do mundo rural, provocada dende décadas pasadas polas vixentes políticas destrutivas.

Tamén por parte desta Rede Galega de Educación e D. R., presentáronse recentemente aos grupos parlamentares reclamos urxentes para que se tomen medidas de emerxencia. Expóñense reclamacións para frear de inmediato todas aquelas accións da Administración Educativa que contribúen a prolongar políticas destrutivas, coma os peches de escolas e supresión de unidades en centros de ámbito rural.

Proxectos e praxis experiencial do movemento de mestras da montaña dende hai corenta anos, as moreas de microproxectos de educación no rural espallados polo territorio, a conclusión central do X Encontro de Debate sobre o Medio Rural Galego, celebrado en Sedes-Narón en 2017, avalada polos traballos previos dos Encontros anteriores, coma o de ANPAS do Courel de 2016, e a concordancia de tantas entidades sociais e profesionais presentes nas xuntanzas de Lugo, Melide, Santiago e Traba-Laxe, de 2017; AVALAN A NECESIDADE DE CONTAR CUN PLAN DE EDUCACIÓN ESPECÍFICO PARA O RURAL GALEGO.

Ó mesmo tempo, a nivel internacional, institucións prestixiosas coma a UNESCO ou foros como a Conferencia Internacional de Río-Brasil, encomendan ós gobernos dos estados que legislen e executen plans de protección e desenvolvemento rural para afrontar os problemas e teimas derivadas da desertización do planeta ou da masificación das cidades.

A Comunidade Europea aprobou a Lei de Desenvolvemento Sostible do Medio Rural no ano 2003, obrigando ós estados membros á súa transposición, que en España se materializa coa Lei 45/2007.

Esta lexislación de Desenvolvemento do Medio Rural recoñecen a obriga dos poderes públicos de conservar e implantar nas zonas rurais servizos públicos básicos, entre os que se atopa a educación.

Porén, existe unha confluencia de conclusións sobre a necesidade de protexer e desenvolver o territorio rural, tanto por organizacións profesionais, sindicais, económicas e cidadáns, coma por parte dos gobernos e da Administración Pública.

ANEXO III

Principios marco da proposta

O sistema educativo é a ferramenta con que se dotan as sociedades para transferir coñecemento intelectual, antropolóxico-cultural do territorio e tecnolóxico dunhas xeracións a outras. Por esta razón a planificación da educación no rural ten relevancia senlleira porque acciona e reacciona na configuración da socioeconomía do noso territorio rural. Así concluímos que o Plan de Educación Específico para o Rural Galego debe cumprir os seguintes principios e fundamentos:

a) Visibilizar e valorizar a vida no rural, dignificar os roles profesionais e persoais dos que traballan no sector primario.

b) Garantir que o sector primario estea inserido na planificación dun tecido socioeconómico que desenvolva a plusvalía da transformación dos recursos autóctonos do rural, é dicir, que xere economía circulante entre o sector primario, as industrias especializadas nas materias primas propias e o sector dos servizos, xurdidos da interacción cos anteriores.

c) Para facer posible o punto anterior é preciso dispor dunha economía a escala rural estable e equilibrada que forneza de oportunidades á xente do rural en idade produtiva, que se promova un forte tecido de economía social comprometida co seu territorio, por medio do fortalecemento do cooperativismo de produtores/as e consumidores/as de primeiro e segundo grao, as comunidades de consumo responsable, e novas fórmulas de comercialización dos produtos manufacturados a escala local, comarcal e cara a mercados lonxanos.

Os sectores agrarios e gandeiros, forestal e de recursos mariños, así coma os vencellados ás enerxías renovables, son estratéxicos na economía do rural.

d) Fixar e conservar a poboación actual do rural, mesmo fomentando novas incorporacións de familias, para o que será imprescindible o descrito no punto anterior. Pero, ademáis, será imprescindible a prestación dos servizos públicos básicos de Educación, Servizos Sociais, Servizos Sanitarios e de Transporte, tal coma recoñece a Lei de Desenvolvemento do Medio Rural.

e) O rural en Galicia pensa, vive e fala en galego, mantén uns acenos antropolóxico-culturais identitarios propios do territorio, polo que a lingua e a configuración cultural serán espello positivo no que reflectir o proceso educativo.

f) Un soporte tecnolóxico dixital avanzado, con conectividade de calidade en todo o territorio rural axudará a garantir unha avanzada educación, e mesmo un chanzo de relanzamento da economía rural.

g) Un contrastado e cavilado plan de zonificación e demarcación comarcal posibilitará que o rural poida soster e dispor de eficientes prestacións de servizos públicos e de desenvolvemento socioeconómico, axustados e específicos do rural.

h) Será un alicerce para o desenvolvemento rural que a planificación estratéxica, xa fora na educación, na economía ou na administración pública, teña coma principio inspirador conservar, recuperar ou valorizar, no seu caso, a dignidade cívica de formar parte dunha longa tradición de vida rural, un valor intrínseco da mesma ruralidade e asento do noso desenvolvemento.

i) Non deberá esquecerse coma principio, na planificación estratéxica, o valor da “diversidade” do rural e dos modos de habitalo, dende a alta montaña, pasando pola chaira interior, as terras mariñáns e mesmo as zonas rurais arredor das vilas e cidades galegas. Por iso os acenos identitarios antropolóxico-culturais galegos cumpren unha función integradora do rural, que non obstante debemos evolucionar de maneira crítica para favorecer un rural contemporáneo e integrador da evolución da sociedade .

ANEXO IV

Documento Base da Mesa Galega de Educación no Rural

Tomando como referencia o documento Base da Mesa Galega de Educación no Rural facemos alusión aos seus puntos básicos nos que se manifestan consideracións tan importantes coma:

A asfixia da educación no medio rural insírese no mesmo proceso de desmantelamento que está a padecer o rural no seu conxunto. O potencial que a escola, xunto con outras entidades, podería exercer como dinamizadora das comunidades rurais está sendo ignorado no marco actual da política autonómica. As medidas que se están a tomar por parte da administración educativa contradinse manifestamente cunha planificación comprometida coa realidade do mundo rural e cunha liña de ensino de calidade.

Faise necesario pois cambiar os plans destrutivos instalados durante sete décadas para acadar un novo enfoque, no marco dunha política xeral de fomento e dinamización do medio rural galego. É dicir, a nova política educativa para o rural debería integrarse nun proxecto global de desenvolvemento comunitario comprometido coa evolución do agro en todas as súas dimensións. Isto require esencialmente un tratamento económico de discriminación positiva e unha planificación política de alcance parlamentario (que soborda as competencias fragmentadas e inconexas dunha soa consellería), e na que terían que estar presentes comisións de estudo competentes e sectores afectados.

A referida planificación tería que optar por unha política que respondese á diversidade do país e á necesidade de conseguir nel un equilibrio social, territorial, educativo, cultural e económico que antepoña ás contas economicistas reducionistas as necesidades vitais de pervivencia digna do mundo rural, e sobre todo das súas xentes.

Unha educación de calidade no mundo rural galego inserida nun proxecto global de desenvolvemento do rural debería partir dunha análise rigorosa e recoñecer os erros cometidos nas anteriores décadas; só desta maneira se pode tomar conciencia da necesidade dunha reestruturación, dun novo modelo, tal como xa se está a facer noutras comunidades autónomas, nas que de facto se fomentan as posibilidades da escola rural.

En efecto, fronte á primacía do criterio económico curtopracista e miope que afonda no desequilibrio territorial, cómpre primar os dereitos da infancia a recibir atención educativa no seu medio durante as primeiras etapas, como forma de dignificar o mundo rural, chave para reverter o proceso de abandono e despoboamento. Cómpre que as nenas e nenos desde pequenos aprendan a recoñecer e valorizar as características do mundo rural no que viven: non hai desenvolvemento rural integral se non hai un cambio nas actitudes e nas aptitudes de toda a poboación, e para que iso aconteza a escola rural é peza fundamental.

Ademais, é de xustiza recoñecer a valía da escola rural como pioneira de avances pedagóxicos na renovación dos sistemas educativos. Faise necesario polo tanto poñer de manifesto os valores positivos da escola rural e desenvolver o seu potencial para que acade o prestixio que xustamente merece.

Finalmente, a dignificación do medio rural tense que concibir non só nas escolas rurais senón a nivel de todo o sistema educativo galego. Á marxe de onde habitemos, as nosas raíces principais como pobo, aquelas que conforman o cerne da nosa identidade, en boa medida teñen

no rural a súa orixe. Polo tanto, o recoñecemento, o respecto, a estima e o coñecemento do rural, e os valores e contidos que fomenten a sensibilización e a concienciación da cidadanía galega cara ao rural, deberían estar presentes dalgún xeito en toda acción educativa no noso país.

É por todo isto que esiximos da administración galega unha nova política educativa contemplada nun plan de educación específico para o rural que teña en conta as seguintes bases:

- Como punto de partida faise preciso deseñar un plan de desenvolvemento socioeconómico coordinado entre as distintas consellerías para frear e reverter o proceso de despoboamento do rural, fomentando actividades económicas que fixen poboación de forma estable, aproveitando os recursos da terra sen destruílos, e garantindo a oferta de servizos públicos á poboación rural (educación, sanidade, atención ás persoas dependentes, transporte, etc.).
- Dentro deste plan, poñer a andar un proxecto educativo específico axeitado ao medio rural, elaborado participadamente coa comunidade educativa (universidades, federacións de ANPAs, sindicatos de ensino, movementos de renovación pedagóxica, grupos de desenvolvemento rural, etc.) e que responda ás necesidades reais actuais do mundo rural, dentro dun marco de desenvolvemento global endóxico e dun tratamento de discriminación positiva. A administración galega debe promover e facilitar que a escola rural sirva á propia comunidade que lle dá razón de ser, que sexa unha escola inserida no seu medio e participe do proceso xeral de desenvolvemento rural.
- Elaborar un mapa escolar galego que contemple para cada zona ou comarca unha rede educativa que inclúa todas as necesidades educativas desde cero anos ata a adultez.
- Fornecer a todas as escolas rurais dos medios humanos e materiais precisos para unha educación de calidade, incluíndo todos os especialistas de educación infantil e educación primaria, así como o persoal de apoio necesario para realizar os desdobres pertinentes, atendendo ás peculiaridades pedagóxicas e ás demandas da comunidade educativa de cada centro. A poboación rural non é de segunda categoría e merece os servizos educativos en igualdade respecto do resto da poboación; por ser rural non deixa de pagar os impostos que sosteñen a satisfacción do dereito básico da educación, adaptada ás necesidades do territorio.
- Reformular por parte da administración a atención educativa á etapa 0-6, integrando no sistema educativo o ciclo 0-3, entendendo que a atención educativa debe formularse dende unha perspectiva global e comunitaria coa familia, tomando como referencia o modelo que durante 36 anos desenvolveu o proxecto educativo *Preescolar na Casa*, na procura e mellora das prácticas "parentais".
- Manter as escolas unitarias existentes.
- Acelerar a extensión da rede de CRAs ou promover outra forma de agrupamentos funcionais que garantan a dotación dos mesmos recursos sen os requisitos que esixe un CRA.
- Asumir un novo modelo de escola heteroxénea en canto a niveis, un novo perfil de escola pequena e de centro adaptado ao rural cunha apropiada organización e unha debida dotación compensatoria de profesorado e de todo tipo de recursos pedagóxicos.
- Frear o peche de centros e a redución de unidades, co conseguinte desprazamento do alumnado ás concentracións escolares ou aos centros educativos das vilas e cidades próximas, polo que implica de desarraigo do neno ou nena do seu contorno e de infravaloración da sociedade e da

cultura rural. Esta medida esixe polo tanto non actuar de xeito precipitado no peche de unidades, sen respectar marxes temporais que posibiliten a recuperación de matrícula a medio prazo. Hai que subliñar que a maioría das escolas rurais desapareceron pola vía rápida (algunhas con incremento previsto de matrícula para o curso seguinte) e que foi a propia administración quen potenciou por activa ou por pasiva o desprazamento do alumnado ás concentracións escolares, ás que presentaba como alternativa de maior calidade pedagóxica.

- Manter a ESO nos centros rurais • Adecuar a oferta formativa en BAC e FP á realidade do contorno dos centros rurais.
- Dotar ás redes escolares dos medios económicos e do transporte necesarios para asegurar a compensación das necesidades que presentan os grupos reducidos de alumnado: intercambios, rotación de encontros programados, visitas culturais,...
- Estender o transporte gratuíto a BAC e FP nos IES de zonas rurais.
- Manter a gratuidade dos comedores escolares para aquel alumnado que use o transporte escolar, sendo desexable que se estenda o servizo de comedor a todo o alumnado en atención á súa función educativa e correctora de malos hábitos alimenticios.
- Implicar ás universidades galegas nun plan formación inicial do profesorado que contemple especificamente a educación no medio rural. Deseño dun modelo formativo innovador que integre a preparación específica do futuro profesorado para que poida exercer a súa profesión coa calidade, dignidade e adaptación ao medio que merece o rural.
- Facilitar a todo o profesorado a actualización permanente de cara a garantir a súa capacitación nos novos modelos de organización intra e interescolar. Isto require a elaboración dun plan específico de formación continua, obrigatorio para o profesorado do medio rural, coordinado polos Centros de Formación e Recursos, e coa participación dos movementos de renovación pedagóxica e das universidades.
- Promover a adaptación do currículo á realidade rural galega, integrando plenamente no día a día de todas as escolas a cultura popular e os saberes tradicionais en proceso de desaparición. Un especial compromiso requíreo a dignificación e a recuperación da lingua galega.
- Abrir os centros ao seu contorno, fundamentalmente ao mundo labrego e mariñeiro, mediante saídas, intercambios ou outras actividades interactivas. É preciso partir dun proxecto amplo de educación integral vivenciada e de dinamización das comunidades rurais que agariman a boa crianza e a boa educación na etapa máis tenra da infancia. Nisto tense que contar coas achegas de persoas transmisoras de sabedoría que interveñan con perspectiva interxeracional. É primordial unha alternativa humanizadora que vencelle a persoa tanto ao seu medio natural e social, como á construción dos coñecementos desde a investigación-acción viva e directa na propia realidade inmediata. É urxente esta reacción fronte á infravaloración da sociedade e da cultura rurais e fronte a currículos oficiais que, desde unha mentalidade urbana, silencian e menosprezan a realidade rural ou trátana como unha reliquia etnográfica do pasado.
- Estimular a participación activa das familias na escola, a través do impulso a proxectos de comunidades de aprendizaxe, ou ben a través dos Consellos Escolares ou da organización que a propia comunidade escolar determine oportuna, entendendo como fundamental que a cultura familiar e veciñal estea presente na escola, para que sexa valorada e respectada, e para potenciar

non só a autoestima do alumnado rural senón tamén do seu contorno, e desde aí afortalar as redes sociais, laborais, etc. da aldea ou vila rural correspondente.

Estas tres últimas medidas deberían estar recollidas no Proxecto Educativo de Centro e desenvolvidas transversalmente, encargándose do seu seguimento a correspondente Comisión de Coordinación Pedagóxica.

EPÍLOGO:

Esta Mesa é consciente de que á actual Administración Política desta Comunidade Autónoma e a sectores da sociedade instalados na derrota e no abandono pode parecerlles que invadimos o seu terreo ou que estamos instalados na utopía. Calquera das súas afirmacións son certas. Este documento parte dun intenso e extenso coñecemento da realidade educativa do noso país, das necesidades do mesmo e da necesaria esperanza no futuro.

Na súa elaboración, xunto cos Movementos de Renovación Pedagóxica e demais organizacións integrantes desta Mesa, participaron tamén Anpas do Rural , profesorado da Universidade, diversos especialistas e entidades relacionadas coa educación de toda Galicia. No concernente á utopía, somos conscientes de que a única maneira de encarar animosamente un longo camiño é cando o horizonte se presenta atractivo e difícil de acadar.

Non renunciaremos nin renunciaremos tampouco ao mellor que a nosa sociedade merece nin ao que os máis sobresaíntes estudos e experiencias en pedagogía e ciencias da educación marcan como meta; por moito que se nos fale de crises, recortes e demais estratexias destinadas a acabar co ensino público, favorecer ao privado, empobrecer a sociedade e enriquecer os petos do gran capital.

MESA GALEGA DE EDUCACIÓN NO RURAL:

Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), Nova Escola Galega (NEG),
CIG Ensino, CCOO, CSI-F, STEG, UGT, Asociación socio-educativa
Antonio Gandoy (antes Preescolar na Casa).
EN GALICIA XUÑO DE 2013